

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de decembro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

### **11.- Propostas de adxudicación**

#### **e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra que con data do 2 de decembro de 2022 notificouse a resolución de clasificación a ESERGUI DISTESER, S.L.U. xunto co requirimento da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. Durante o prazo concedido, o 19 de decembro, o licitador presentou documentación.

Unha vez revisada, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a ESERGUI DISTESER, S.L.U. para que poida achegar a seguinte documentación:

- Acreditación da solvencia técnica e económica de conformidade co esixido na cláusula 8.5.3º do PCAP
- Poder de representación outorgado a favor de quen subscribiu a proposición e copia do DNI
- Anexo IV do PCAP "DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR"
- Anexo V do PCAP "DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES (DACI) PARA OS CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS"

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **29 de decembro de 2022.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 13:13	Páxina 1 de 2
26213-332	CSV: AAA6B3-CBE933-4CCCC-RV6X4K-SZY3XJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 13:13	Páxina 2 de 2
26213-332	CSV: AAA6B3-CBE933-4CCCCC-RV6X4K-SZY3XJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		